

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL O DEL DESARROLLO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA IGUALDADE E PREVENCIÓN DO ABUSO DENTRO DOS CENTROS PENITENCIARIOS, E DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR NO ANO 2025

Lugar e data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Eladio Fernández Pérez, presidente da Federación Gallega de Asociaciones en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (en adiante FADEMGA Plena Inclusión Galicia) co DNI 34242673C, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G36620037, de acordo co nomeamento outorgado o 21 de xuño de 2025 por acordo da Asamblea Xeral, segundo o disposto nos artigos 26 e 28 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que FADEMGA Plena Inclusión Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2005/000147-2ª, sendo a súa finalidade a de defender os intereses en Galicia das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e das súas familias, así como fomentar a constitución de asociacións. A entidade, declarada de utilidade pública pola Orde do Ministerio do Interior INT/2335/2008, do 17 de xullo de 2008, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-045.

V. Que FADEMGA Plena Inclusión Galicia ten como obxectivos, segundo os seus estatutos:



En particular, dirixirá a súa actuación á consecución dos seguintes fins:

- a) Fomentar a constitución de asociacións en todos aqueles lugares onde non se cubra a atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- b) Coordinar os obxectivos, actividades, recursos e posibilidades das súas entidades asociadas na protección das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, unificar criterios de acción e fomentar todo tipo de esforzos e actividades conxuntas.
- c) Representar aos seus integrantes ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e, en particular, coa Confederación Plena inclusión España.
- d) Informar, aconsellar ou xestionar, todas aquelas cuestións que lle sometan as asociacións interesadas.
- e) Apoiar as familias para conseguir mellorar a súa calidade de vida e a dos seus membros con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- f) Facilitar tanta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea ao seu alcance, fomentando estudos e proxectos, colaborando con Universidades, organismos públicos ou privados e outros centros, promovendo accións de prevención, investigación e innovación.
- g) Promover a inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento nos ámbitos educativos, laboral e social, así como a súa participación plena na comunidade.
- h) Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, loitando pola igualdade de oportunidades en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social.

FADEMGA Plena Inclusión Galicia promoverá a atención ás mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento en situación de



vulnerabilidade, levando a cabo accións de sensibilización, formación, prevención e intervención fronte a situacións de violencia de xénero, aliñadas coas políticas internas da propia Federación para a consecución efectiva deste obxectivo.

i) Promover a participación en programas e actividades dirixidas a menores con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento desde a infancia á adolescencia.

j) Promover a participación en programas e actividades dirixidas a persoas maiores, dependentes ou pensionistas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento ao longo do proceso de envellecemento.

k) Desenvolver programas e actividades dirixidos especificamente a calquera outro grupo de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, estranxeiras e/ou en risco de exclusión social, promovendo a súa inclusión en todos os ámbitos da vida.

l) Desenvolver programas e actividades dirixidas a reducir a brecha territorial rural-urbano, así como as brechas xeracional, dixital e tecnolóxica das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias.

m) Desenvolver e participar en programas e actividades relacionados co fomento e a participación do voluntariado social.

n) Realizar campañas de divulgación e sensibilización diante da sociedade.

ñ) Velar polo bo nome e prestixio asociativo, denunciando publicamente aqueles casos que non cumpran na promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias .

o) Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias. A actividade da Federación non estará restrinxida exclusivamente a beneficiar ás súas entidades asociadas, senón aberta a calquera outra posible beneficiaria que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.



VI. Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública, por iso, tanto a Consellería de Política Social e Igualdade como FADEMGA Plena Inclusión Galicia son conscientes da necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, facilitándolles maiores cotas de independencia e autonomía persoal.

FADEMGA Plena Inclusión Galicia, como entidade referente na atención ás persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia, mantén un compromiso firme coa mellora continua dos apoios que ofrece tanto ás persoas como ás súas familias.,

A iniciativa que se expón, busca ampliar o impacto social das actuacións desenvolvidas por FADEMGA Plena Inclusión Galicia mediante a implementación de accións específicas que complementen outros programas xa existentes e que contribúan a garantir ás persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento unha atención máis integral, inclusiva e adaptada ás realidades e necesidades actuais.

FADEMGA Plena Inclusión Galicia leva a cabo os programas Igualdade e prevención do abuso dentro dos centros penitenciarios e Conciliación familiar.

O programa Igualdade e prevención do abuso dentro dos centros penitenciarios vai dirixido ás persoas con discapacidade intelectual e/ou o desenvolvemento que estean cumprindo penas de prisión nos distintos establecementos de Galicia. Estes son: Centro Penitenciario de A Lama, Centro Penitenciario de Bonxe, Centro Penitenciario de Monterroso, Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar e Centro Penitenciario de Teixeira. Serán beneficiarias 37 persoas.



En Galicia, a situación das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento nos centros penitenciarios presenta desafíos significativos. En moitas ocasións as persoas con discapacidade intelectual son desbotados á hora de participar en formacións ofertadas polo centro penitenciario debido ás súas dificultades, polo que as súas oportunidades de formación se ven limitadas.

A falta, nos centros penitenciarios, de programas específicos de educación en igualdade de xénero, de sexualidade ou control de impulsos impide a reeducación daqueles internos que cometeron delitos de índole sexual. Esta situación é preocupante xa que a porcentaxe de persoas que cometen delitos de índole sexual é superior nas persoas con discapacidade intelectual que na poboación xeral.

O obxectivo é formar en igualdade e sexualidade as persoas con discapacidade intelectual ingresadas en centros penitenciarios, para fomentar a igualdade de xénero entre os e as participantes, promover a educación sexual integral, previr condutas de risco que podan supoñer unha ameaza ou delito, e desenvolver habilidades socioemocionais.

No relativo á conciliación familiar, as familias de persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento afrontan retos que dificultan o seu día a día: dedicación intensa ao coidado das persoas con discapacidade, falta de tempo, ausencia de descanso e dependencia doutras persoas. Estas dificultades agrávanse en familias monoparentais ou con poucos recursos.

A conciliación familiar é esencial para o benestar familiar e a igualdade, xa que permite equilibrar o coidado, o traballo e o tempo persoal, promovendo a corresponsabilidade entre mulleres e homes. Non é só unha cuestión individual, senón social, e require o apoio de leis e servizos que garantan este dereito. Aínda existen importantes dificultades para conciliar debido á escaseza de recursos especializados, especialmente en zonas rurais. As familias teñen poucas opcións reais para equilibrar vida laboral e persoal, polo que é necesario reforzar e ampliar os servizos de apoio. A conciliación debe ser



un compromiso colectivo que asegure igualdade e benestar, coa colaboración das entidades sociais para cubrir as carencias que as administracións non atenden.

O obxectivo do Programa de Conciliación familiar é apoiar as familias de persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, proporcionando recursos que permitan mellorar o seu benestar e a súa calidade de vida, facilitando a conciliación entre responsabilidades persoais, familiares, laborais e sociais

As actividades previstas nestes programas suporán un incremento con respecto á programación xeral subvencionadas de xeito nominativo nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma. Teñen un carácter especializado e diferenciado con respecto as actuacións previstas no convenio de concesión dunha subvención nominativa asinado o 18 de xuño de 2025.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa entidade FADEMGA Plena Inclusión Galicia para contribuír ao financiamento dos *programas Igualdade e prevención do abuso dentro dos centros penitenciarios, e Conciliación familiar* no ano 2025

VII. Estes programas gozan da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar o réxime ordinario de concorrencia competitiva, con carácter excepcional, en base ao carácter singular das subvencións, e para o caso daquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. FADEMGA Plena Inclusión Galicia é a única entidade de carácter autonómico que dispón da infraestrutura necesaria e polo tanto, a única entidade habilitada para a



realización dos programas a subvencionara a través deste convenio, o que imposibilita a súa convocatoria pública.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade e exclusividade das características dos programas que se van financiar por razón das necesidades inherentes do colectivo ao que van dirixidas, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada o desenvolvemento do *Programa igualdade e prevención do abuso dentro dos centros penitenciarios*, e do *Programa de conciliación familiar* no ano 2025 con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e actuacións subvencionables.*

1. O obxecto do presente convenio é contribuír, a través da concesión directa dunha subvención, ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do *Programa igualdade e prevención do abuso dentro dos centros penitenciarios*, e do *Programa de conciliación familiar* que FADEMG Plena inclusión Galicia ten previsto desenvolver no ano 2025.



2. *O Programa igualdade e prevención do abuso* dentro dos centros penitenciarios ten como obxectivo formar en igualdade e sexualidade a persoas con discapacidade intelectual en centros penitenciarios. Este programa ten a intención de achegar esta formación ás persoas con discapacidade intelectual e/ou o desenvolvemento que estean cumprindo penas de prisión nos distintos establecementos de Galicia. Estes son: Centro Penitenciario de A Lama, Centro Penitenciario de Bonxe, Centro Penitenciario de Monterroso, Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar e Centro Penitenciario de Teixeira.

O programa porase en marcha no último cuadrimestre do ano 2025. Ao longo dese período, desenvólvense as intervencións de maneira semanal nos anteditos centros.

A metodoloxía está adaptada á realidade das persoas ás que vai enfocada. O enfoque é dinámico, mediante presentación de material a cumprimentar, material audiovisual, xogos ou dinámicas, análise de casos e debates, e mediante a posibilidade de recoller dúbidas para que sexan respondidas e traballadas do mellor xeito. Neste senso, é imprescindible a figura dunha persoa experta en sexoloxía para poder explicar dunha maneira máis concreta as cuestións presentadas polos participantes: o porqué das súas sensacións desde un punto de vista orgánico e fisiolóxico. Fomentárase a participación grupal, con achegas a través de diferentes medios verbais e non verbais, para que sexa un proceso de desenvolvemento interactivo.

3. *Programa de conciliación familiar.* O obxectivo deste programa é apoiar ás familias de persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, proporcionando recursos que permitan mellorar o seu benestar e a súa calidade de vida, facilitando a conciliación.

Os servizos/actuacións que se van prestar neste programa son:

a. Atención temporal a curto prazo á persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, co fin de facilitar a conciliación aos seus familiares.



b. Ofrecer unha atención especializada ás persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, que contribúa á inclusión e desenvolvemento na comunidade, mediante a realización de actividades baseadas nas súas preferencias.

c. Axudar aos familiares a afrontar o estrés, a carga emocional e as tensións derivadas do coidado dunha persoa con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, para preservar a saúde dos coidadores e garantir un apoio sostible no ámbito familia.

O programa de conciliación familiar ofrece una serie de estancias con aloxamento onde a persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento permanece durante un período determinado nunha instalación contratada para este fin (hotel, albergue ou vivenda) xunto con outras persoas con discapacidade en grupos reducidos. Durante a estancia, lévanse a cabo actividades socioculturais e de lecer, garantindo en todo momento unha atención axeitada por parte de persoal de apoio cualificado, adaptadas ás necesidades individuais e grupais.

SEGUNDA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións dos programas a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para os mesmos programas e actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.



b) Declaración responsable, suscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

TERCEIRA. *Relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins que forman parte do proxecto a subvencionar a través deste convenio, a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que, no seu caso, precise para o desenvolvemento das actuacións dos citados programas.

A suscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións que forman parte dos referidos programas, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

CUARTA. *Orzamento*

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver FADEMGA Plena Inclusión Galicia ascende á cantidade de 58.100,00 €.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **cinco mil euros (55.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

QUINTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de



calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman os programas que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SEXTA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estárase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades achegando, a documentación prevista na cláusula sétima do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA. Gastos subvencionables e xustificación



1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **30 de decembro de 2025**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución dos programas, así como o gasto corrente directamente relacionado coas actuacións subvencionadas, e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución no marco do disposto no presente convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola persoa con capacidade suficiente da entidade beneficiara. Este pagamento debe referirse a gasto de actuacións realizadas que conforman os programas obxecto da concesión da subvención. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas aos programas subvencionados, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o pago das actuacións que correspondan aos programas a subvencionar a través deste convenio, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións dos programas obxecto da concesión da subvención a través do convenio e en todo caso con data límite 30 de decembro do 2025,



achegando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas con discapacidade beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actuacións realizadas, que conterà:

1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos relacionados na memoria económica.

2.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas por FADEMGA Plena Inclusión Galicia.

4.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen os programas subvencionados obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5.º Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€ deba ter solicitado FADEMGA Plena Inclusión Galicia.

6.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou



con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa **auditora de contas** inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegárase o **informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1.º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución dos programas que se relacionan na cláusula primeira como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

2.º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.

3.º Verificación do cumprimento do disposto en relación coas actuacións subcontratadas, no seu caso.

4.º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

5.º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6.º Verificación do importe global percibido pola entidade beneficiaria como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento das actuacións obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.



FADEMGA Plena Inclusión Galicia estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, do documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2026.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte de FADEMGA Plena Inclusión Galicia, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. Subcontratación

FADEMGA Plena Inclusión Galicia é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución dos programas subvencionados fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actuacións, ata unha porcentaxe do 20 por cento do importe total dos programas ~~das actuacións~~ subvencionados a través



deste convenio para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións previstas na cláusula primeira.

A subcontratación terá por obxecto, entre outras, a execución de actuacións e de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que FADEMGA Plena Inclusión Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2025 para a execución dos programas a subvencionar a través deste convenio.

FADEMGA Plena inclusión Galicia comunicará, no seu caso, a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. *Obrigas da entidade beneficiaria*

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Cumprir todos e cada unha das actuacións que conforman os programas que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo destes. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actividades que conforman os programas obxecto de subvención e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto



autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións que conforman os programas obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións que conforman os programas subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen aos programas subvencionados, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do programa ~~proyecto~~ obxecto de subvención, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos



distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades que conforman os programas obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase FADEMGA Plena Inclusión Galicia dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro, coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa dunha subvención a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración



dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario, para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes deste. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de FADEMGA Plena Inclusión Galicia, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como ás súas suplentes.



A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes. Se o acto non fora expreso, poderá



interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano as dúas persoas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O presidente da Federación
Gallega de Asociacións en Favor
de las Persoas con Discapacidad
Intelectual o del Desarrollo

Fabiola García Martínez

Eladio Fernández Pérez

